



<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-relacions-laborais-recursos-humanos-0>



Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos



www.usc.gal



Relacións Laborais e Recursos Humanos

O Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos ten como obxectivo a formación de expertos no ámbito do traballo e das súas relacións que lles permita exercer a profesión de Graduado Social, intervenir no deseño e posta en práctica de políticas de recursos humanos, así como prestar apoio no ámbito sociolaboral.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Escola Universitaria de Relacións Laborais
Complexo docente, Campus de Lugo
27002 Lugo

Campus Lugo

+info www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-relacions-laborais-recursos-humanos-0

Web propia <http://www.relacioneslaboraleslugo.com>

Presentación

Interuniversitario: Non
Duración: 4 cursos
Número de prazas: 57

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 150 de materias obrigatorias e 30 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestionanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

A mobilidade dos estudantes realízase a partir do terceiro ano de estudos na titulación, en períodos cuatrimestrais ou anuais. A selección dos candidatos lévase a cabo por unha Comisión de Selección.

A materia de prácticas en empresa, de carácter optativo, conta con 12 créditos. Co fin de facilitar a realización de prácticas por parte do alumnado da E.U. de Relacións Laborais de Lugo (adscrita USC), a USC asinou diversos convenios de colaboración con diferentes entidades públicas e privadas.

Saídas Profesionais

1. Acceso á Administración pública (grupo superior):
 - Persoal técnicos da Seguridade Social.
 - Persoal Interventor da Seguridade Social.
 - Persoal inspector de Traballo e Seguridade Social.
 - Persoal inspector de Facenda do Estado.
 - Persoal inspector de Policía.
 - Ensino Secundario, etc.
2. Acceso á contratación por conta allea; poderanse realizar dentro da empresa tarefas como:
 - Responsable do Departamento de Prevención de Riscos Laborais.
 - Responsable da Xestión e Dirección dos Recursos Humanos.
 - Responsable da Xestión do Departamento de Administración (elaboración de contratos, asesoramento laboral, fiscal, contable, en materia de Seguridade Social, etc.).
3. Exercicio da profesión de graduado social, previa á colexiación no Colexio Profesional de Graduados Sociais.
4. Auditores sociolaborais para o control e avaliación da xestión de recursos humanos.
5. Axentes de emprego e desenvolvemento local.
6. Axentes de conciliación, técnicos de orientación e intermediación laboral.
7. Persoal formador e Técnicos para a inserción laboral.

